

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro **"Galego"** entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web:www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Escolla a tradución correcta de " Solo cometen delito los que van contra la ley".

- A) Só cometen delito os que van contra a lei.
- B) So cometen delito os que van contra a lei.
- C) Soio cometen delito os que van contra a lei.
- D) Soio cometen delito os que vaian contra a lei.

2. Escolla a serie correcta:

- A) Decir, ombligo, omóplato, fiordo.
- B) Dcir, ombligo, omóplata, fiordo.
- C) Dcir, embigo, omoplata, fiorde.
- D) Decir, embigo, omóplato, fiorde.

3. Escolla a definición correcta de "gando":

- A) Berro, ladrido.
- B) Donaire, elegancia.
- C) Antro, casa de xogo.
- D) Conxunto de animais.

4. Escolla a definición correcta de " ferverza":

- A) Febre moi alta.
- B) Adorno, bordado.
- C) Catarata, salto.
- D) Cousa fedorenta.

5. Indique cal dos seguintes plurais non é correcto.

- A) Local/locais.
- B) Tren/trens.
- C) Rapaz/rapaces.
- D) Fusil/fusiles.

6. Sinale o pronome mal empregado:

- A) Cólleselo.
- B) Cóllellelo.
- C) Cóllelo.
- D) Non llelo colles.

7. Sinale a opción correcta:

- A) Xusticeiro.
- B) Calqueira.
- C) Fiera.
- D) Enxeneiro.

8. Sinale a opción incorrecta:

- A) Marmelada.
- B) Asasino.
- C) Correxir.
- D) Pértega.

9. Escolla a definición correcta de "gadoupa":

- A) Garra, pouta, unlla.
- B) Fouce moi longa.
- C) Canle, foxo, cuneta.
- D) Aloumiño, caricia.

10. Sinale cal das seguintes palabras figura mal escrita?

- A) Véspera.
- B) Boda.
- C) Vermello.
- D) Bolboreta.

Preguntas de reserva

1. Indica a oración correcta:

- A) Hoxe gañoute o Pedro, tes que xogar mellor.
- B) Hoxe te gañou o Pedro, tes que xogar mellor.
- C) Hoxe gañouche o Pedro, tes que xogar mellor.
- D) Hoxe che gañou o Pedro, tes que xogar mellor.

2. Escolla a frase correcta:

- A) No Ferrol están agardando po-lo bus.
- B) En o Ferrol están agardando polo bus.
- C) No Ferrol están aguardando pólo bus.
- D) En Ferrol están agardando polo bus.